



**3º EXERCICIO: COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA**

**INSTRUCCIÓN:**

1. - Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
2. - Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio de lingua galega de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva (as 2 últimas, da G11 e G12), que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Galego" entre os números G1 e G12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
3. - O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
4. - Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
5. - Comprobe sempre que o número de resposta que sinala na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
6. - Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.  
  
Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
8. - Ao rematar o seu exercicio, advírtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: [www.sergas.es](http://www.sergas.es), logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS  
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS  
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

**1. Sinale a que non procede en galego:**

- A) Maioría de idade
- B) Persoal facultativo
- C) Tejido óseo
- D) Funcionarios sanitarios

**2. Sinale a forma correcta da segunda persoa do plural do pretérito perfecto de indicativo do verbo andar:**

- A) Anduvesteis
- B) Andastes
- C) Andastedes
- D) Anduvirades

**3. Non é correcto en galego:**

- A) Coarenta
- B) Trece
- C) Dezaseis
- D) Cincuenta

**4. Un leito portátil para o traslado de enfermos ou feridos, que pode levarse á man ou sobre rodas, é unha:**

- A) Pallola
- B) Parola
- C) Padiola
- D) Paiola

**5. A perda total ou parcial do movemento ou da sensibilidade nunha ou en varias partes do corpo, é unha:**

- A) Parálise
- B) Parálisis
- C) Parálises
- D) Ningunha resposta é correcta

**6. Sinale a relación incorrecta singular/plural:**

- A) Papel/ Papeis
- B) Difícil/ Difíciles
- C) Can/ Canes
- D) Xornal/ Xornais

**7. Sinale a relación incorrecta:**

- A) Tres/ Terceiro
- B) Catro/ Cuarto
- C) Sete/ Séptimo
- D) Oito/ Oitavo

**8. Cal das seguintes non é unha parte do corpo humano?**

- A) Xeonllo
- B) Embigo
- C) Beizo
- D) Esquíó

**9. Sinale a opción incorrecta:**

- A) Movilidade
- B) Avogado
- C) Verme
- D) Viabilidade

**10. Sinale o masculino de irmá:**

- A) Irmó
- B) Irmán
- C) Irmano
- D) Ningunha resposta é correcta

Preguntas de reserva

**1. As seguintes palabras son todas do xénero feminino, agás:**

- A) Ponte
- B) Suor
- C) Arte
- D) Nariz

**2. Sinale a opción correcta:**

- A) O ieso é tan brando que se pode raiar coa uña
- B) O yeso é tan brando que se pode rayar coa uña
- C) O xeso é tan brando que se pode raiar coa uña
- D) O xexo é tan brando que se pode rallar coa uña